

# ENTROIDO 2020

## CONCURSO DE DISFRACES

### BASES

1º) O concello de Nogueira de Ramuín convoca un concurso de disfraces o día 22 de Febreiro de 2020, dentro da programación de festexos do Entroido.

2º) A este concurso poderán inscribirse todas aquelas persoas que o desexen con independencia da súa procedencia.

3º) A inscrición deberá ser formalizada no Departamento de Cultura do Concello de Nogueira de Ramuín. Telf.: 988201023

4º) A data límite de inscrición será o día 20 de Febreiro ata as 13:00 h

5º) O desfile de disfraces queda fixado para o día 22 de Febreiro a partir das 16:00 h. na Praza do Afiador de Luintra, ou ben no pavillón municipal en caso de meteoroloxía adversa.

6º) A organización nomeará un xurado que será o encargado de adjudicar os premios establecidos, sendo a súa decisión inapelábel.

7º) Os premios serán os seguintes:

**COMPARSAS** (máis de 5 compoñentes)

**1º PREMIO: 250 € - 2º PREMIO: 150€ - 3º PREMIO: 100€**

**INDIVIDUAIS** (que non formen parte dunha comparsa)

**PREMIOS SORPRESA AOS 3 PRIMEIROS CLASIFICADOS**

**INFANTÍS**

**PREMIOS SORPRESA AOS 10 PRIMEIROS CLASIFICADOS**

8º) Todas as comparsas non premiadas, terán unha achega de 50€ Por participar.

9º) A participación no concurso de disfraces implica a aceptación destas bases.

